

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### SALCEDA DE CASELAS

##### Persoal, oposicións

*LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DE TRIBUNAL CUALIFICADOR E DATA DO EXERCICIO DA FASE OPOSICIÓN. PROCESO SELECCIÓN FUNCIONARIO INTERINO PARA O POSTO DE INTERVENCIÓN.*

Faise público que por Decreto de Alcaldía nº 152/2015 de 15 de abril de 2015 o sr. Alcalde resolveu:

PRIMEIRO. Aprobar a seguinte lista definitiva de admitidos e excluídos no procedemento de selección de funcionario interino para ocupar o posto de intervención do Concello de Salceda de Caselas. Esta lista tamén se publicará na páxina web [www.salcedadecaselas.es](http://www.salcedadecaselas.es).

##### CANDIDATOS ADMITIDOS:

- Vila Rodríguez, Raúl. DNI: 53183361R
- Gallástegui Baamonde, Juan Ramón. DNI: 44848501L

##### CANDIDATOS EXCLUÍDOS:

Ningún.

SEGUNDO. Designar ao Tribunal Cualificador deste procedemento de selección que estará composto polos seguintes membros:

##### *PRESIDENTE/A*

Titular: María Rosa Del Riego Santos (Interventora do Concello de Baiona).

Suplente: Aitor Iglesias Monzón (Interventor do Concello de Tui).

##### *SECRETARIO:*

Titular: Carlos López Quintáns (Secretario do Concello de Salceda de Caselas)

Suplente: Elena Ares Salgado (Técnica de Administración Xeral do Concello de Gondomar).



## VOGAIS:

1 Titular: Susana Gallardo Fariña (Secretaria do Concello de Baiona)

Suplente: Paula Riádigos Iglesias (Secretaria do Concello de Salvaterra de Miño)

2 Titular: Beatriz Isla Carballo (Interventora do Concello de Gondomar)

Suplente: Ruth Presas Pardo (Secretaria-Interventora do Concello de Crecente)

3 Titular: Carlos Piñeiro Sarmiento (Secretario do Concello de O Rosal)

Suplente: Yolanda Ortega Otero (Secretaria-Interventora do Concello de Gomesende)

TERCEIRO. Os membros titulares do Tribunal Cualificador reuniranse en sesión constitutiva o martes 28 de abril ás 15:30 horas na Sala de Xuntas (2ª planta) do Concello de Salceda de Caselas.

CUARTO. Os membros do Tribunal Cualificador teñen o deber de absterse no caso de que concorra neles algunha das causas establecidas no artigo 28.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo antes referido.

QUINTO. Fíxase como data para a realización do exercicio da fase de oposición (desenvolvemento dun ou varios supostos prácticos durante un período de tres horas) o martes 28 de abril ás 16:15 horas. Este exercicio terá lugar na Sala de Xuntas (2ª planta) do Concello de Salceda de Caselas. Os aspirantes serán convocados en único chamamento, sendo excluídos das probas os que non comparezan; e deberán acreditar suficientemente a súa identidade mediante a exhibición do D.N.I., pasaporte ou documento equivalente en caso de estranxeiros.

SEXTO. Contra a lista definitiva de admitidos e excluídos poderase interpoñer recurso de reposición ante o sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios do Concello, ou interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo no prazo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte ao da publicación desta lista no Taboleiro de Anuncios do Concello.

Salceda de Caselas, 15 de abril de 2015.—O Secretario, Carlos López Quintáns.

